

¡15º CERTAME DE CÓMIC DE CANGAS!

1. Dirixido a **xoves artistas non profesionais** de ata 35 anos cumpridos dentro do ano 2017. Establécense as seguintes categorías:

CATEGORIA A: de 18 a 35 anos
CATEGORIA B: de 14 a 17 anos
VIÑETA XOVE: menores de 14 anos

2. Os traballos serán orixinais con textos en galego, de creación propia e inéditos, non debendo ter sido premiados en ningún outro certame ou concurso. **Tema e técnica libre** (cor ou branco e negro) en formato **DIN A-4 (210mm x 297 mm)**. A extensión será de **4 páxinas para as categorías A e B**, e de **2 a 4 páxinas para o Premio Viñeta Xove**.
3. A presentación das obras podese facer de xeito individual ou conxuntamente entre guionista e debuxante, e poderán presentar tantas obras como desexen, sempre na categoría correspondente. **Cada autor tan so optará a un dos premios**.
4. Os traballos deberán ser presentados polo sistema de plica (en sobre pechado aparte, no seu exterior figurará o título ou lema e categoría na que participa. No seu interior figurará: título ou lema, fotocopia do DNI, enderezo e teléfono de contacto).
5. **Os traballos deberán ser presentados antes do 30 de setembro do 2017** na Casa da Xuventude do Concello de Cangas (Rúa Real, 29. 36940 CANGAS - Pontevedra).
6. Establécense os seguintes premios:
- CATEGORIA A:** PREMIO 500 €
CATEGORIA B: PREMIO 200 €
VIÑETA XOVE: PREMIO 100 €
7. A organización non se responsabiliza de posibles roturas ou extravíos das obras, que serán obxecto dunha exposición na Casa da Xuventude durante o mes de outubro.
8. O xurado presidido polo Concelleiro Delegado de Mocidade e Voluntariado do Concello de Cangas, estará composto por persoas cualificadas neste campo artístico, 2 debuxantes, 1 técnico de cultura, recaendo a secretaría na técnica responsable de Xuventude. O xurado poderá declarar deserto calquera destes Premios.
9. Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello de Cangas.
10. As bases serán publicadas na web do Concello de Cangas, no facebook de Xuventude e a través da prensa local.
11. A participación implica a aceptación destas bases.

Cangas, xuño de 2017



Concello de Cangas

Concellaría de Mocidade e Voluntariado